

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria

NÚMERO: 2022/1

DATA: mércores 12 de xaneiro de 2022

LUGAR: salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 20:33 h

PRESIDE ADOLFO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA MÓNICA PICHEL GARCIA, que redacta esta acta.

ASISTEN

BNG
TOBIAS BETANZOS REGO
RAQUEL GARCIA ABUIN
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
GERMAN ALLUT VIDAL
FRANCISCO RUBIO VICENTE
PSdeG-PSOE
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN
JULIO ALCALDE HERMO
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PP
MARIANO MOARES RIAL
ALICIA CAROU ROMERO
BNG
ADELINA CES QUINTÁNS

ORDE DO DÍA

1. RENUNCIA DE CONCELLEIRA ADELINA CES QUINTANS.
2. DECLARACIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS DA CORPORACIÓN DE RIANXO POLO DIÁLOGO E PARA A DEFENSA DO ACCESO Á MEXILLA DO SECTOR MEXILLOEIRO
3. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 696/2021 DE DATA 20/08/2021 DE APROBACIÓN DO PROXECTO E DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA A POSTA EN PRÁCTICA DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE CONCELLO DE DODRO 2021/22
4. NOMEAR AOS REPRESENTANTES DO CONCELLO DE RIANXO NA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DE ACORDO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGASP

ACORDOS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000001 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://youtu.be/TpGxhN4U2BQ>

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 RENUNCIA DE CONCELLEIRA ADELINA CES QUINTANS.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En aplicación do disposto nos art. 182 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Réxime Electoral Xeral, e art. 9.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as instrucións da Xunta Electoral Central de data 10 de xullo de 2003, sobre substitución de cargos representativos locais sometese ao pleno da Corporación municipal:

Conforme ao que dispón o artigo 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; nos artigos 15.2, 19.1.) e 182 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e normas concordantes, especialmente a Instrución da Xunta

Electoral Central do 10/07/2003, sobre substitución de cargos representativos locais, esta Alcaldía propón ao Pleno que adopte este acordo:

PRIMEIRO

A toma coñecemento da renuncia ao cargo de dona Adelina Ces Quintáns concelleira polo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) no Concello de Rianxo (presentada no Rexistro Xeral do Concello co nº R. E. 4853 en data de 23.12.2021).

SEGUNDO

REMITIRLLE unha certificación deste acordo á Xunta Electoral Central aos efectos da expedición da credencial acreditativa da condición de electos a favor do candidato que corresponda, facendo constar que, a xuízo da corporación, correspóndelle cubrir a vacante a don Xosé Vázquez González, seguinte na lista dos que concorreron ás últimas eleccións municipais (Boletín Oficial da Provincia nº 81 de 30.04.2019) , para que poida tomar posesión do seu cargo como concelleiro polo Bloque Nacionalista Galego (BNG).

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

2 DECLARACIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS DA CORPORACIÓN DE RIANXO POLO DIÁLOGO E PARA A DEFENSA DO ACCESO Á MEXILLA DO SECTOR MEXILLOEIRO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á ratificación a inclusión na orde do día dunha proposta DE DECLARACIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS DA CORPORACIÓN DE RIANXO PARA A DEFENSA DO SECTOR MEXILLOEIRO sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O señor Alcalde expón que previo consenso de todos os voceiros dos grupos políticos municipais, se presenta unha ENMENDA á proposta incluída na orde do día, da que se dá lectura.

Ábrese unha quenda de debate .

Sometida a **votación a ENMENDA**, apróbase a mesma obtendo 14 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 dos membros do PP, 2 dos membros do grupo Rianxo en Común e 1 da concelleira de cidadanos) cero votos en contra e cero abstencións dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta.

Seguidamente sométese a votación a aprobación da **PROPOSTA ENMENDADA**, apróbándose a mesma obtendo 14 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 dos membros do PP, 2 dos membros do grupo Rianxo en Común e 1 da concelleira de

ciudadanos) cero votos en contra e cero abstencións dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, Proposta que queda redactada nos seguintes termos:

“OS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN DE RIANXO XUNTO O SECTOR MEXILLOEIRO DO CONCELLO DE RIANXO, AO AMPARO DA VIXENTE LEXISLACIÓN SOMETE Á CONSIDERACIÓN DO PLENO, PARA O SEU DEBATE E APROBACIÓN. A DECLARACIÓN DE APOIO AO SECTOR E Á DERROGACIÓN DO ARTICULO 13.2 DO DECRETO 153/2019 POLO QUE SE REGULA A CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS MARISQUEIROS E DAS ALGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No decorrer das últimas campañas de recolección de mexilla, **“materia prima indispensable e insubstituíble para obter o mexillón adulto destinado a alimentación da poboación”**, asistimos a accións claramente encamiñadas a restrinxir, cada día máis, as zonas idóneas e accesibles onde os titulares das bateas poden obter, co seu arduo e perigoso traballo, a cría de mexillón que servirá de base para a respectiva campaña.

Recalcamos neste punto o desexo unánime deste sector de deixar inequivocamente fora de esta declaración, consideracións persoais, políticas e/ou burocráticas pois, estamos fronte a un problema que pode representar unha sentenza de inoperabilidade e insostenibilidade de todo o sector pola aprobación de normas que, no noso entender aprobáronse de costas aos máis prexudicados e sen ponderar adecuadamente o dano económico e social que se pode causar a todo un sector que produce Mexillón de óptima calidade nas máis de 3.000 bateas existentes en Galicia.

Máis de 70 anos pasaron xa, desde o comezo desta actividade mexilloeira e, nunca se produciron ataques tan letais ao sector, baseados en presuntos estudos de conservación e explotación dos recursos. Todos temos o dereito a vivir dos nosos recursos naturais, con responsabilidade e acatando as normas que entre todos poidamos darnos para unha explotación respectuosa e sostible dos mesmos.

Cando un bateeiro precisa colleitar mexilla para a súa batea, é exclusivamente ese o traballo que vai realizar nas rochas, e non ten ningún interese, como se pretende transmitir á cidadanía desde núcleos interesados, en extraer e destruír outros recursos naturais, e incluso o propio medio do que dependen para a súa subsistencia.

Esta procura de cría de mexillón xa foi levada a cabo polos nosos avós, logo polos nosos pais, agora por nos, e debe ser viable para os nosos fillos e netos.

Como en todo grupo de seres humans, sempre atoparemos minúsculos núcleos que pretendan transgredir a normativa establecida, iso pasa en calquera ámbito human que analicemos, e para iso existen as leis que deben ser aplicadas, por quen corresponda, con contundencia e exemplaridade.

Entendemos que poida resultar apetecible para o sector percebeiro o feito de poder engadir á

súa cesta de produtos dispoñibles a mexilla a cal, pasaría a ser da súa propiedade tendo en conta que aos mexilloeiros non se lle permitiría traballar nas zonas que eles si terían accesibles, pero, é que historicamente falando, a mexilla é dos mexilloeiros, así como o percebe e dos percebeiros e, ningunha empresa, e menos ningún sector económico no seu conxunto pode permitir que a súa subsistencia e viabilidade se encontre en mans de terceiros alleos, cuxo único fin sería vender o produto ao mellor ofertante, sen mais consideracións de ningún tipo.

Por todo isto, entendemos que é a nosa responsabilidade pedir a quen teña a potestade de ditar normas neste sector que se revisen os últimos pasos dados e se volte á orixe onde todos convivamos e nos respectemos os uns aos outros e, cada quen, co seu traballo logre contribuír ao engrandecimento das nosas respectivas comúns idades.

Por todo o exposto, os grupos políticos da Corporación de Rianxo e o Sector Mexilloeiro de Rianxo aproban a seguinte declaración:

1. Pedir a retirada por parte da consellería do Mar da normativa recentemente aprobada, especificamente o Artigo 13.2 do Decreto polo cal se regula o Réxime de Conservación e Explotación dos recursos marisqueiros e das Algas por consideralo letal para o sector mexilloeiro.
2. Solicitar que, unha vez sexa atendido o contido do punto anterior, a Consellería do Mar da Xunta de Galicia convoque aos interlocutores válidos do sector mexilloeiro para analizar a situación creada por mor dos cambios realizados na normativa de extracción de mexilla e tentar crear, entre todos, un punto de encontro respectuoso e sostible para garantir con xustiza e equidade a viabilidade e sustentabilidade dos intereses de tódolos afectados.”

3 RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 696/2021 DE DATA 20/08/2021 DE APROBACIÓN DO PROXECTO E DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA A POSTA EN PRÁCTICA DO “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE CONCELLO DE DODRO 2021/22”

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á ratificación a inclusión na orde do día a proposta relativa a RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 696/2021 DE DATA 20/08/2021 DE APROBACIÓN DO PROXECTO E DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA A POSTA EN PRÁCTICA DO “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE CONCELLO DE DODRO 2021/22, sen ditame previo da Comisión Informativa , APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

“Con data 20 de agosto de 2021, ditase a Resolución de alcaldía número 696/2021 que a continuación se transcribe:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Programa Integrado de Emprego

ANTECEDENTES

Solicitud de subvención para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e aprobación do convenio

Logo de ver a Orde do 7 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (DOG núm. 138 do 21 de xullo de 2021) (código de procedemento TR332A)

Logo de ver o artigo 4.1 a) da dita orde, que establece que poderán ser beneficiarios “os concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este. No caso dos concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, ademais, deberán ter unha media de paro rexistrado no ano 2020 superior a 500 persoas no ámbito territorial do proxecto, entendendo como tal o territorio do concello solicitante ou, se é o caso, a suma dos territorios dos da mesma comarca ou concellos limítrofes da mesma provincia que concorran agrupados.

Es requisito do número mínimo de persoas desempregadas non será de aplicación cando a solicitude agrupe, cando menos, tres concellos da mesma comarca ou concellos limítrofes da mesma provincia, ou dous no caso de que un deles sexa resultado da fusión de dous ou máis concellos.”

Vista a memoria explicativa do proxecto “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE CONCELLO DE DODRO 2021/22”, cun orzamento de 250.000 € (IVE incluído)

Logo de ver o texto do convenio de colaboración entre os concellos de Rianxo, Padrón, Rois e Dodro para a solicitude de subvención, xestión compartida e realización conxunta do proxecto “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE CONCELLO DE DODRO 2021/22”, ao abeiro da Orde do 7 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (DOG núm. 138, de 21 de xaneiro de 2021)

Logo de ver o informe desfavorable de secretaría emitido en data de 20/08/2021 onde se conclúe:

“...

CONCLUSIÓN

En canto a posibilidade encomendar a xestión estímase posible a realización da mesma conforme ao procedemento que a continuación se indicará, coas observacións anteriormente sinaladas.

A encomenda deberá tramitarse seguindo o procedemento exposto «ut supra» e mediando, por tanto, o correspondente acordo plenario adoptado por maioría absoluta dos seus membros para súa aceptación. (Artigos 47.2.h) de la LBRL

Polo que dado que se pretende efectuar a mesma mediante resolución de Alcaldía, debe emitirse informe desfavorable, advertindo expresamente da súa nulidade de pleno dereito, lembrando a necesidade de someter o expediente previo á súa aprobación á Informe preceptivo da Intervención do Concello aos efectos de que indique o que estime oportuno. “

Considerando a necesidade de ditar a presente resolución mediante avocación das competencias da Xunta de Goberno Local, xa que o prazo de solicitude de subvención

vence antes da vindeira Xunta de Goberno Local, e tendo en conta as competencias atribuídas ao alcalde no artigo 21.1.s da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Considerando de interese para o Concello de Rianxo a aprobación do presente convenio con urxencia para poder cumprir os prazos da convocatoria do programa, e sendo competente, tal e como se indicou anteriormente, a Xunta de Goberno Local en virtude da delegación conferida pola Resolución núm. 641/2019, do 9 de xullo, e estimándose preciso acelerar o proceso para a solicitude da correspondente subvención, coa presente RESOLVO:

RESOLVO:

Primeiro.- Revogar puntualmente, por razón de urxencia, en base ao artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público a delegación efectuada na Xunta de Goberno Local na antedita Resolución, polo exposto na fundamentación anterior e en relación a este expediente.

Segundo.- Aprobar o proxecto dos concellos de Rianxo, Padrón, Rois e Dodro para o “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE CONCELLO DE DODRO 2021/22”, cun orzamento de 250.000 € (IVE incluído), recollido na memoria explicativa (anexo II)

Terceiro.- Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Emprego e Igualdade para a posta en práctica do “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE CONCELLO DE DODRO 2021/22”, cun orzamento de 250.000 € (IVE incluído), ao abeiro da Orde do 7 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (DOG núm. 138 do 21 de xullo de 2021), coas seguintes características:

- ✓ Subvención solicitada: B) Programas integrados de emprego destinados a persoas desempregadas incritas no Servizo Público de Emprego de Galicia
- ✓ Nome do Programa: Programa Integrado de Emprego de Concello de Dodro 2021/22
- ✓ Duración do Programa: 12 meses
- 1 Ámbito de actuación: Os concellos de Rianxo, Padrón, Rois e Dodro.

Localidade	Nº de persoas que se van a atender
Rianxo	25
Padrón	25
Rois	25
Dodro	25
TOTAL	100

- Nº de persoas que se van a atender: 100 persoas traballadoras desempregadas
- Colectivos que se van a atender:

COLECTIVO	NÚMERO	PORCENTAXE
Persoas desempregadas con discapacidade		
Persoas desempregadas en risco de exclusión social e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da Risga		
Mulleres desempregadas que acrediten a		

condición de vítimas de violencia de xénero		
Persoas menores de 30 anos desempregadas con baixa cualificación	14	14,00%
Persoas menores de 30 anos desempregadas cualificadas	8	8,00%
Persoas desempregadas maiores de 45 anos	22	22,00%
Persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia non incluídas no tramo de inserción.		
Persoas perceptores de prestacións, subsidios desemprego ou renda activa de inserción (RAI)	25	25,00%
Persoas desempregadas como consecuencia dun expediente de regulación de emprego de carácter extintivo, presentado nos doce meses anteriores á publicación desta orde		
Mulleres desempregados	10	10,00%
Persoas desempregadas de longa duración	21	21,00%
Persoas desempregadas inmigrantes		
Persoas desempregadas non incluídas en ningún dos grupos anteriores		
TOTAL	100	100%

- Obxectivo de inserción laboral: 37%
- Orzamento: 250.000 €
- Subvención solicitada: 250.000 €
- Cofinanciamento dos Concellos: 0 €

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 7 de xullo de 2021 (DOG núm. 138 do 21 de xullo de 2021)

Quinto.- Aprobar o convenio de colaboración entre os concellos de Rianxo, Padrón, Rois e Dodro para a solicitude de subvención, xestión compartida e realización conxunta do proxecto “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE CONCELLO DE DODRO 2021/22”, ao abeiro da Orde do 7 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (DOG núm. 138, de 21 de xaneiro de 2021), que se transcribe como anexo.

Sexto.- Nomear a don Francisco Xabier Castro Tourís, alcalde do Concello de Dodro, como representante con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que correspondan á agrupación de concellos como beneficiaria da subvención, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda ante a Consellería de Emprego e Igualdade

Sétimo.- Dar Conta a Xunta de Goberno Local, na vindeira sesión que se celebre

Oitavo.- Someter a ratificación do Pleno o presente acordo na vindeira sesión que se celebre aos oportunos efectos.

En vista do exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Ratificar a Resolución da Alcaldía número 696/2021, nos termos indicados na mesma.

SEGUNDO

Remitir o certificado do presente acordo ao Concello de Dodro.”

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, RATIFICAR a proposta nos termos desta.

4 NOMEAR AOS REPRESENTANTES DO CONCELLO DE RIANXO NA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DE ACORDO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGASP

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á ratificación a inclusión na orde do día da proposta relativa a NOMEAR AOS REPRESENTANTES DO CONCELLO DE RIANXO NA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DE ACORDO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGASP sen previo ditame de Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 25.01.2018 o Pleno da corporación aprobou o CONVENIO TIPO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXIANTES MUNICIPAIS.

Con data 06.03.2018 formalizouse o referido convenio entre a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) e o Concello de Rianxo, por unha duración de 4 anos, polo que finalizará o vindeiro 6 de marzo de 2022.

Na Cláusula novena do indicado Convenio, establececese que unha vez rematados os 4 anos de duración inicial, poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional de similar duración.

Tendo en conta o escrito remitido pola Academia Galega de Seguridade (AGASP) con data 08.11.2021 polo SIR co RE 20219000001568, recibido pola Policía Local deste Concello con data 09.11.2021, no que indican que para a tramitación da prórroga do referido Convenio, precísase a reunión da

Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima do convenio asinado, para que acorde por unanimidade solicitar a prórroga do mesmo por un período igual, achegando un modelo de solicitude de prórroga, no que se incluírán os datos das dúas persoas que en representación deste concello forman parte da Comisión de Seguimento para poder acordar a convocatoria da reunión da dita comisión, co fin de propoñer a prórroga do convenio en vigor.

Ao mesmo tempo tamén achegan a ADDENDA TIPO AO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXIANTES MUNICIPAIS, para coñecemento.

PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Nomear as seguintes persoas que en representación deste Concello formarán parte da Comisión de Seguimento:

1. Adolfo Muíños Sánchez, alcalde do Concello de Rianxo
2. María del Carmen Figueira Ares, tenente alcalde do Concello de Rianxo

SEGUNDO

Remitir o certificado de este acordo á Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)“

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 dos membros de Rianxo en Común e o voto da concelleira de Ciudadanos), cero votos en contra e dúas abstencións (dos 2 membros do grupo PP) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000001 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente



está, a semade, dispoñible para o público na URL:

<https://youtu.be/TpGxhN4U2BQ>